

BUSCAR BLOG

MARCAR BLOG

[Siguiete blog»](#)

[Crear un blog](#) | [Acceder](#)



O Rosal, Xardín do Baixo Miño

Toda a información cultural e turística do Concello de O Rosal (Pontevedra)

Éxito da obra promovida pola Escola Comarcal



A **Escola de Teatro Baixomiñota** celebra a grande acollida que tivo a obra "**Antibióticos: unha conquista da humanidade que estamos botando a perder**" que achegaron á Comarca coa asistencia de **máis de 700 nenos**. Como xa tiñamos anunciado o mércores en Tomiño e O Rosal e o xoves na Guarda, centos de rapaces disfrutaron da obra teatral didáctica na que se explicou aos nenos entre 8 e 12 anos o que non deben facer cos antibióticos; todo isto dun xeito ameno e divertido. Segundo declaracións da concelleira de Cultura do Rosal, **Charo Tabales Perozo** *"Tuve la oportunidad de asistir a la representación y, como*

conocedora del tema, creo que la concienciación al respecto es muy necesaria y qué mejor manera que sea de forma amena y divertida y dirigida a los más jóvenes, teniendo en cuenta que la educación respecto a cualquier tema debe hacerse desde edad temprana." A Escola Comarcal de Teatro está xa traballando no guión doutra obra didáctica para representar no 2009, contando coa colaboración de distintas entidades públicas e privadas. *"Difundir el teatro entre los mas jóvenes era uno de los objetivos de la escuela de teatro que va necesariamente ligado a la enseñanza",* comenta **Enrique Álvarez**, Presidente da Asociación Cultural Terras do Baixo Miño que dirixe a Escola de Teatro.



INFORMACIÓN PARA A XUVENTUDE. CURSOS E OFERTAS DE EMPREGO

Convocatoria para unha praza de persoal laboral fixo:
Informador/a Xuvenil e Animador/a Sociocultural.
18/11/2008

A Xunta de Goberno Local do Concello do Rosal, en sesión ordinaria levada a cabo o pasado 16 de outubro, aprobou a seguinte convocatoria e bases que rexerán a provisión, polo procedemento de concurso-oposición libre, dunha praza de Informador/a Xuvenil e Animador/a Sociocultural, vacante no anexo de persoal deste concello, e asimilada ó grupo A2, para proveer como **persoal laboral fixo**. Bases:

Reportaxes Noticiasorosal



Hoxe é sábado 22 de novembro, 2008

Podedes contactar con nós en:
noticiasorosal@hotmail.com



¡BENVID@S!

EN GALEGO

Nace este blog co obxectivo e a única razón de dar a coñecer un pouco máis o noso pobo de O Rosal, as súas **costumes**, as súas **xentes**. Para que precisamente non se esquezan certas **tradicións**, para que se recoñezan aos seus paisanos singulares e destacados... en definitiva, para que quede constancia para a **Historia**.

Dicir que por suposto estamos **afastados de idea política ou económica algunha**... esta é tan 22/11/2008 20:24

http://www.concellodorosal.es/bases/08/bases_omix08.pdf

Convocatoria de *dúas prazas de persoal laboral*. *Concello do Rosal* (Pontevedra)
13/11/2008

O Concello do Rosal (Pontevedra) convoca dúas prazas de persoal laboral interino peóns de servizos varios.

As prazas referidas teñen encomendadas as funcións propias destes postos, é dicir, tarefas propias dos oficios clásicos (albanelería, fontanería, electricidade, xardinería...) baixo a supervisión do Xefe de Equipo ou doutros oficiais.

O sistema selectivo escollido é o de concurso-oposición libre, en virtude da necesidade de que os candidatos amosen a súa idoneidade para o posto a cubrir.

Para formar parte das probas de selección, será necesario:

1. ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
2. ter cumpridos os dezaseis anos de idade, e non exceder da idade establecida para a xubilación forzosa.
3. estar en posesión do título esixible, ou en condicións de obtelo, na data en que termine o prazo de presentación de instancias; a citada titulación será o Certificado de Escolaridade ou equivalente.

O prazo de presentación de instancias de solicitude para tomar parte nas probas de acceso á praza será durante os 7 días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP).

Máis información: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), núm 218, do luns 10 de novembro de 2008.

Convocatoria de *dúas prazas de Aux. Administrativo*. *Concello de O Rosal* (Pontevedra)

A Xunta de Goberno Local do **Concello de O Rosal**, en sesión ordinaria levada a cabo o pasado 16 de outubro, aprobou a seguinte convocatoria e bases que rexerán a provisión, polo procedemento de concurso oposición-libre, de **dúas prazas de auxiliar administrativo de administración xeral**, vacantes dende o pasado 01 de agosto, e pertencentes á escala de Administración Xeral.

As prazas referidas teñen encomendadas as funcións propias desa subescala, é dicir, tarefas administrativas, normalmente de trámite e colaboración. Para formar parte das probas de selección, será necesario:


1. ter a nacionalidade española, ou nacional dalgún estado membro da UE.
2. ter cumpridos os 16 anos de idade, e non exceder da idade establecida para a xubilación forzosa.
3. estar en posesión do título esixible, ou en condicións de obtelo, na data en que termine o prazo de presentación de instancias; a citada titulación será o Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.

O prazo de presentación de instancias será de 07 días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP).

Máis información: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), núm 223, do luns 17 de novembro de 2008.

O Concello do Rosal, protagonista cultural e turístico do ano 2008



con la tecnología de 

Enviade as vosas propostas de entrevistas, reportaxes, fotografías... a noticiasorosal@hotmail.com